

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xuño de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día cinco de xuño de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(701).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(702).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE-2015. EXPTE. 103548/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.06.15, dáse conta do informe-proposta da técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 22.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Política de Benestar, o xefe e a concelleira, ambos da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, resultan os seguintes feitos:

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de febreiro de 2015 (BOP núm 45 de 06/03/2015) convócanse subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade.

A base 6ª apartado- f- da convocatoria, establece que os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do bono-taxi, que será por orden inverso á contía da renda per cápita mensual da unidade familiar.

Segundo.- Presentáronse 113 solicitudes, e como resultado da súa valoración, 106 cumpren os requisitos da convocatoria, ordenándose por ingresos de menor a maior, en función da renda percápita familiar mensual.

O orzamento da convocatoria non é suficiente, polo que propóñense para a concesión da axuda ás 97 primeiras persoas do listado e 9 para a lista de agarda . Por último, propóñense para desestimación 7 por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Esta en poder da concellería documentación acreditativa de todas as solicitudes

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente, na aplicación orzamentaria 2310.4800011, "Subvención taxis discapacitados ", no vixente orzamento de gastos de Política de Benestar, por un total de 25.000,00 euros, número de documento contable RC-201500012231 para a concesión das axudas do Anexo I

Cuarto.- Os solicitantes presentaron declaración responsable (Anexo III,) ante o Departamento de Política de Benestar de estar ó corrente de cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa AEAT, coa Seguridade Social e coa Xunta. A devandita declaración substitúe a presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas forman parte dun programa de acción social, utilizándose, polo tanto a simplificación na acreditación, segundo establece o art. 24.4 do Real Decreto 887/2006 , de 21 de xullo que aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (de aplicación supletoria ás Entidades Locais) ao tratarse de subvencións inferiores a 3.000,00€.

Todas as solicitudes foron comprobadas no padrón de habitantes

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

– Conceder as subvencións do bono-taxi ás 97 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi segundo o establecido la lei 9/2007. Achéganse no Anexo I que comenza por "Pariona Naya, Ruch Vil" cunha renda percápita mensual de 243,32€ e finaliza por " García Barrientos, Enriqueta" cunha renda percápita mensual de 1.114,91€, por cumprir os requisitos estipulados na base sexta da convocatoria e existir orzamento para a concesión.

As subvencións pagaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4800011, "Subvención taxis discapacitados " por importe de 25.000,00 euros, segundo documento RC-201500012231 A contía por beneficiario será como máximo 300,00€ e mínimo 100,00€ , ata o 20 de decembro de 2015 (o día 21 xa non estará operativa a tarxeta).

Capacidade económica usuario :	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 750,00€	300,00 €
Entre 751,00€ e 1.000,00€	200,00 €
Entre 1.001,00€ e 1,331,27€	100,00 €

ANEXO I- Proposta de concesión ano 2015

	APellidos	NOME	DNI	Total Rdtos/mes per cápita	SUBVENCIÓN
1	PARIONA NAYA	RUCH VIL	X2828032K	243,32	300,00 €
2	BONET RODAL	FAUSTINA	11489249J	330,03	300,00 €
3	SENILLE RODRIGUEZ	JOSE	35855324A	330,03	300,00 €
4	SOTO NEIRA	PATRICIA ANDREA	36131806W	340,05	300,00 €
5	VAZQUEZ ADRIO	ELENA	39513620B	352,50	300,00 €
6	VAZQUEZ LOPEZ	M PILAR	35793995S	376,89	300,00 €
7	ABREU FACCINI	OLGA TERESA	53190760V	442,88	300,00 €
8	AMORES CASTILLO	AURORA	41396512P	442,88	300,00 €
9	CALVIÑO JUNCAL	M AUXILIADORA	36073270R	442,88	300,00 €
10	CARRERA GOMEZ	M CARMEN	35975788Q	442,88	300,00 €
11	CASTRO FERNANDEZ	FELISA MARIA	36045959Z	442,88	300,00 €
12	GONZALEZ COSTAS	JORGE	76992949N	442,88	300,00 €
13	FERNANDEZ DIAZ	ELVIRA	34214404H	454,73	300,00 €
14	MARRUFO SAMILLAN	MIGUEL ALEXANDRE	39488666N	494,96	300,00 €
15	GALLARDO GRAÑA	OBDULIO	34913750A	505,13	300,00 €
16	TEIJEIRO ALVARIÑO	MARIA	32611300Z	508,16	300,00 €
17	GONZALEZ REGO	M DOLORES	32670803Q	516,44	300,00 €
18	PORTO GAYOSO	MANUEL	36000882V	526,65	300,00 €
19	DURAN COTA	M JESÚS	36067830N	529,07	300,00 €
20	GOMEZ RODRIGO	MARCOS	36148632S	547,40	300,00 €
21	MORAIS OLIVA	M DOLORES	36090921B	547,40	300,00 €
22	RIVAS RIVAS	PILAR	36070723F	547,40	300,00 €
23	RUA PENA	BEATRIZ	36158446P	574,46	300,00 €
24	GIRALDEZ GIRALDEZ	Mª VICTORIA	36073841C	592,46	300,00 €
25	GARCIA PEREZ	CLARA	35955960Z	595,43	300,00 €
26	ARANGO DAVILA	JUAN GUILLERMO	47650215B	612,68	300,00 €
27	BERNARDEZ BERNARDEZ	DELMIRO	35784445X	616,04	300,00 €
28	MURIAS DIAZ	M AURORA	33848494S	623,95	300,00 €
29	COSTAS ARMADA	BELÉN	53190128Y	638,46	300,00 €
30	ALVAREZ LUCAS	ALBA	53178146F	655,74	300,00 €
31	AZIGUNU	EMMANUEL TETTEH	X2616466D	655,74	300,00 €
32	BARCIA PEREZ	DANIEL	36168433J	655,74	300,00 €
33	DA COSTA FERREIRA	MARIA LUISA	36044739J	655,74	300,00 €
34	DIAZ FONTENLA	FRANCISCO	39459453D	655,74	300,00 €
35	GIL CARBALLA	JUAN DIEGO	53178844S	655,74	300,00 €
36	LAGO GARCIA	M SOLEDAD	36079762F	655,74	300,00 €
37	LOUZAO TATO	M JOSE	36175815N	655,74	300,00 €
38	PEREIRA GROSSI	ANDREA MARIA	36146312H	655,74	300,00 €
39	RIVEIRO RODRIGUEZ	ANTONIO	36068069K	655,74	300,00 €
40	SEOANE RODRIGUEZ	ANDREA	36165480G	655,74	300,00 €
41	RIAL DOMINGUEZ	PATRICIA	39451293Z	657,27	300,00 €
42	PANETE GARCIA	ADELAIDA	35869065J	659,42	300,00 €
43	BARCIA PEREZ	MANUEL	36036349H	662,29	300,00 €
44	CERVIÑO DAVILA	MANUEL	35894431X	670,48	300,00 €
45	DE SOUSA AREAL	EUGENIA	35894431X	670,48	300,00 €

46	COMESAÑA COSTAS	ANTONIA	35971563T	677,17	300,00 €
47	HERMIDA FERNANDEZ	M ROSARIO	36043816X	694,59	300,00 €
48	PRECIADO MOSQUERA	TERESA	53194871B	699,49	300,00 €
49	RIOS CERNADAS	Mª DOLORES	35922539N	704,82	300,00 €
50	SALGADO GONZALEZ	M ESTHER	76610901V	706,18	300,00 €
51	MIRANDA PIÑEIRO	DOLORES	35945183R	712,88	300,00 €
52	ARENOSA MACIEL	LUISA	35826675N	730,04	300,00 €
53	POZANCO MORA	M DEL MAR	08968678N	731,24	300,00 €
54	PEREZ GARCIA	ALEJANDRO ANGEL	35875872N	734,15	300,00 €
55	CUE ACUÑA	NIEVES	35877401T	736,52	300,00 €
56	PEREZ VAZQUEZ	JOAQUINA	02449683E	736,52	300,00 €
57	SALGUEIRO HERMIDA	CARMEN	35919146T	736,52	300,00 €
58	SANROMAN CASASNOVAS	DIVINA	35933255X	736,63	300,00 €
59	CAMPOS CRUCES	ESTRELLA	35538695S	739,70	300,00 €
60	RODRIGUEZ GONZALEZ	FRANCISCO JAVIER	36087139R	740,44	300,00 €
61	DIAZ PEREZ	DOLORES	34140864D	749,41	300,00 €
62	GURIDI RODRIGUEZ	CARMEN	35822271R	756,52	200,00 €
63	DOMINGUEZ DOMINGUEZ	MARIA	35498087W	760,41	200,00 €
64	PEREZ ALONSO	DOLORES	36129843V	765,40	200,00 €
65	PUZA RODRIGUEZ	ANTONINA	34558850Q	771,54	200,00 €
66	GONZALEZ GONZALEZ	CANDIDO	76913618P	772,33	200,00 €
67	TORRON PAZOS	M EMILIA	34886825B	772,33	200,00 €
68	BRAO SANROMAN	OLAYA	53818830A	777,45	200,00 €
69	TERRE ALONSO	ENRIQUE R	36004109R	788,32	200,00 €
70	COEGO RIOS	ANA ISABEL	36050502A	788,92	200,00 €
71	FERNANDEZ ROSENDO	SARA	36028070L	789,15	200,00 €
72	FERREIRA PEREIRA	FRANCISCO	34438882Q	793,07	200,00 €
73	ALVAREZ TORRENT	M PILAR	36035051P	793,26	200,00 €
74	GONZALEZ RIVAS	HERMOSINDA	35955404X	793,30	200,00 €
75	FERNANDEZ ARAUJO	EMILIA	35938249J	795,75	200,00 €
76	FERNANDEZ ALONSO	CECILIA	35914159G	801,70	200,00 €
77	LAGO LEIROS	SALUSTIANO	35958496C	804,13	200,00 €
78	ASOREY GARCIA	DIGNORAT LUCIA	76841121F	830,09	200,00 €
79	ROMERO MATOS	CRISTINA	36109282H	832,46	200,00 €
80	GARRIDO CARRERA	PILAR	35856138N	839,41	200,00 €
81	GARCIA GONZALEZ	JULIA	11993432J	860,82	200,00 €
82	FERNANDEZ TORRES	GUILLERMO	35259563B	872,06	200,00 €
83	RODRIGUEZ PILLADO	ISOLINA	33154481G	885,40	200,00 €
84	RIVERA GONZALEZ	MANUEL	54233136X	902,15	200,00 €
85	ARIAS BARRIO	ANA	34676967M	911,50	200,00 €
86	COSTAS GONZALEZ	MERCEDES	35898647V	912,92	200,00 €
87	BARCIELA CASTRO	M DEL CARMEN	35999963H	942,99	200,00 €
88	RIVAS FERREIRO	JULIO	35856486S	943,06	200,00 €
89	BRITOS BOAN	AGUSTIN	34718058H	944,43	200,00 €
90	PEREIRA RODRIGUEZ	MANUEL	35862790V	945,35	200,00 €
91	VERISIMO COLLAZO	ELENA	33017937B	986,81	200,00 €
92	SUAREZ ESTEVEZ	JOSE ANTONIO	34873570G	997,18	200,00 €
93	PUERTAS OLIVET	OLGA	13797171T	1042,93	100,00 €
94	FERNANDEZ RODRIGUEZ-MA	ROSA BLANCA	00007002X	1045,14	100,00 €
95	AREVALO FORMOSO	JOSE CARLOS	35945942R	1090,48	100,00 €
96	CAMPOS RUIZ	M SIRA	36109844M	1104,83	100,00 €
97	GARCIA BARRIENTOS	ENRIQUETA	35880935S	1114,91	100,00 €
	TOTAL				25.000,00 €

2.- Aprobar a lista de agarda que se achega no Anexo II que inicia por "Docampo Vázquez, Lucila" cunha renda percápita mensual de 1.151,21€ e finaliza por "Barcia del Rio, Ana María" cunha renda percápita mensual de 1.329,88€

ANEXO II- Proposta de lista de agarda 2015

	APELIDOS	NOME	DNI	Total Rdtos/mes percápita	SUBVENCIÓN
1	DOCAMPO VAZQUEZ	LUCILA	34519452V	1151,21	100,00 €
2	MASIP VILLAR	MAXIMILIANO ALEJANDRO	36157064Y	1194,57	100,00 €
3	GROSSI DAPONTE	Mª ISABEL	36131803E	1218,53	100,00 €
4	SENDRA ORTEGA	JOSE LUIS	35879824P	1221,50	100,00 €
5	PEREZ VILAS	DOLORES	35818856J	1258,46	100,00 €
6	FERNANDEZ LOPEZ	ELISA	36133858F	1298,78	100,00 €
7	ROZAS CAMPOS	JOSE	76807251Q	1316,48	100,00 €
8	FERNANDEZ AIRAS	AGUSTIN	36039745X	1329,64	100,00 €
9	BARCIA DEL RIO	ANA MARIA	36133199S	1329,88	100,00 €

3.- Desestimar as subvencións que se achegan no listado do Anexo III que inicia por "Daponte Lago, Rosa" e finaliza por "Torres Da Costa, Julia" reseñándose en cada un deles o motivo da súa desestimación

Anexo III- Proposta de solicitudes desestimadas 2015

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	Por incumprir
1	DAPONTE LAGO	ROSA	35816546A	Base 6.e. (Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente: 15.975,30€ anuais ou 1.331,27mensuais)
2	RODRIGUEZ LORENZO	ALEJANDRO	35763165M	Base 6.e. (Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente: 15.975,30€ anuais ou 1.331,27mensuais)
3	FERNANDEZ TRONCOSO	M PAZ	36060571K	Base 6.e. (Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente: 15.975,30€ anuais ou 1.331,27mensuais)
4	AYMERICH MARTINEZ	M. LOURDES	36134864R	Base 6.a (Non estar empadroado no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria 09/03/2015 e permanecer de alta no padrón municipal mentres perciba a axuda)
5	LEIROS RODRIGUEZ	ELDA	36000900N	Base 6.c (Non ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E,F,G,H)
6	MIROU DOMINGUEZ	M FLORINDA	36050649N	Solicitud presentada fora de prazo 06/04/2015
7	TORRES DA COSTA	JULIA	36018881F	Solicitud presentada fora de prazo 30/03/2015

4.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas , con indicación de que contra a presente resolución poderá interpoñerse , potestativamente recurso de reposición perante o mesmo

órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente , recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións .»

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adopte o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(703).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS DOS TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 15341/444.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, de data 4.06.15, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (PCAP).

ANTECEDENTES

D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en adiante TACRC ou o tribunal), de 25 de maio de 2015, interpon recurso especial en materia de contratación contra a desestimación por silencio da solicitude formulada pola súa representada para a prórroga do prazo de presentación de ofer-

tas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo.

E preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 13 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou aproba-lo expediente incoado para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo por procedemento aberto e tramitación ordinaria, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexe-lo mesmo, autoriza-lo gasto de dito contrato e abri-lo procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 24 de marzo de 2015 se anuncia a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo. No anuncio publicado no perfil, dado que o artigo 14 do PPT prevé a posibilidade de que os licitadores podan visita-las instalacións o mantemento do cal é obxecto do contrato, previa solicitude ó servizo xestor, foi fixado un día de visita ás instalacións para tódolos interesados, o 14 de abril de 2015.

Terceiro.- En data 28 de marzo de 2015, se publica o anuncio relativo á licitación no Diario Oficial da Unión Europea, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizará o día 7 de maio de 2015.

Cuarto.- En data 6 se publica o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Quinto.- En data 13 de abril de 2015, se publican os anuncios de licitación no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

Sexto.- En data 14 de abril de 2015, se realiza unha visita ás instalacións o mantemento do cal é obxecto do contrato cos licitadores que así o tiñan solicitado.

Sétimo.- En data 27 de abril de 2015, D. Julián Barahona, en nome e representación de IMPARESA, S.L., solicita a publicación dos salarios brutos dos traballadores. Non acredita a representación que dí ostentar.

Oitavo.- En data 28 de abril de 2015, se publican os salarios brutos dos traballadores no perfil do contratante.

Noveno.- En data 5 de maio de 2015, D. Julián Barahona, en nome e representación de IMPARESA, S.L., solicita unha visita ás instalacións o mantemento do cal é obxecto do contrato. Non acredita a representación que dí ostentar.

Décimo.- En data 6 de maio de 2015, se realiza unha nova visita ás instalacións obxecto do contrato co representante da empresa IMPARESA.

Décimo primeiro.- En data 7 de maio de 2015, D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., solicita unha ampliación do prazo para a presentación de ofertas no citado procedemento.

Décimo segundo.- En data 8 de maio de 2015, a Secretaría do Goberno Local certifica que durante o prazo concedido ó efecto presentaron ofertas ó procedemento as seguintes mercantís:

- 1. IMES API, S.A.**

2. EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A..
3. SOCIEDAD IBERICA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS.
4. MONCOBRA, S.A.
5. ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.

Décimo terceiro.- En data 15 de maio de 2015, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoptou a seguinte resolución:

“6.- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS DA CIDADE. EXPTE. 15341/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dase conta do informe-proposta do 11/05/2015, da Xefa do servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de área, que dí o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electro-mecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (PCAP).*

ANTECEDENTES

D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, solicita “Que se renoven os prazos de presentación de propostas ou alomenos se prorrogue o período mínimo marcado pola Lei de Contratos do Sector público para esta clase de procesos” no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de marzo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xaneiro de 2015 e o anexo I “Inventario de instalacións” da mesma data e o anexo II “Estudio econó-

mico" de data 27 de febreiro de 2015 para a contratación do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo, redactado polo Xefe do Servizo de Enerxía do Concello.

2º.- Aproba-lo Prego de condicións administrativas particulares de data 5 de marzo de 2015 e as FEC elaborados pola Xefatura do servizo de Contratación do Concello para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo

3º.- Autoriza-lo gasto por un importe máximo de 634.186,47 € (seiscentos trinta e catro mil cento oitenta e seis euros con corenta e sete céntimos), con cargo á aplicación presupostaria 1650.227.99.02 dos presupostos municipais oo bolsa de vinculación, por considerar este servizo que non afecta ó normal desenvolvemento do mesmo, segundo o seguinte desglose:

Presuposto	2015:	369.942,11	euros	(IVA	engadido)
Presuposto	2016:	264.244,36	euros	(IVA	engadido)

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- Non consta acreditada no expediente a representación do solicitante en nome da mercantil TEVA, se ben, ó ser éste un defecto subsanable, segundo o artigo 32 da LRJAP, se presume que a ten e se opta por responder á solicitude formulada en aras da economía procedimental e a eficiencia.

TEVA no seu escrito fundamenta a solicitude de ampliación de prazo nos seguintes feitos:

- Ata o día 28 de abril de 2015 non se publicou no perfil do contratante a relación de salarios do persoal adscrito na actualidade ó contrato.
- Que realizou a visita ás instalacións o mantemento do cal é obxecto deste contrato en data 6 de maio de 2015.

Dado que o prazo de presentación de ofertas remataba o día 7 de maio do mesmo ano, considera que "cun prazo de só 24 horas resulta de todo imposible redactar unha proposta, axeitada, coherente e competitiva para calquera clase de concurso, moito menos para un da complexidade técnica do que nos ocupa". Considerando "Que a situación descrita vulnera gravemente o principio de igualdade entre licitadores reivindicado como esencial na Lei de Contratos do Sector Público, por canto que xenera ventaxa para o actual contratista dos servizos polo seu coñecemento dende o inicio das informacións:

- Masas salariais do persoal adscrito.
- Especificacións e detalles técnicos das instalacións obxecto de mantemento

informacións que a nós nos foron reveladas nas datas 28 de abril para o primeiro caso e 6 de maio para o segundo". Engade o solicitante que a situación descrita é incompatible co disposto nos artigos 143 e 158 da Lei de Contratos.

Terceiro.- En resposta ás alegacións do solicitante é necesario manifestar que en cumprimento do disposto no artigo 142 do TRLCSP, a licitación foi publicada:

- No perfil do contratante: en data 24/03/2015.
- No Diario Oficial da Unión Europea: en data 28/03/2015.
- No Boletín Oficial do Estado: en data 13/04/2015.
- No Diario Oficial de Galicia: en data 13/04/2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra: en data 06/04/2015.

Dado que o artigo 14 do PPT prevé a posibilidade de que os licitadores podan visita-las instalacións o mantemento do cal é obxecto do contrato, tra-la solicitude ó servizo xestor, no perfil do contratante, foi anunciado, na data na que foi publicada a licitación, 24 de marzo de 2015, un día de visita, o 14 de abril de 2015, para facilitar ós licitadores a visita sen necesidade de ter que formula-la solicitude.

E dicir, que a licitación foi anunciada no perfil do contratante con 45 días de antelación á finalización do prazo de presentación de ofertas, constando no citado anuncio a data de visita das instalacións.

O solicitante visitou as instalacións en data 6 de maio porque non o solicitou antes, de feito non consta siquera que o solicitara. A única solicitude de visita das instalacións foi formulada por IMPARESA, S.L., en data 5 de maio de 2015 e, en atención á proximidade da finalización do prazo de presentación de ofertas, se lle fixou a visita ó día seguinte.

Con respecto ós salarios dos traballadores que actualmente prestan o servizo, no Anexo III do PCAP constan os seguintes datos, categoría profesional, epígrafe de cotización, tipo de contrato e a antigüidade do traballador. Conforme á doutrina dos tribunais administrativos de resolución de recursos contractuais, estes datos son suficientes para que unha empresa do sector, aplicando o convenio colectivo poda calcular os custes salariais. Estabrece ó respecto o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na súa resolución nº 20/2015 que “a información facilitada no Anexo III do PCAP dos traballadores a subrogar á a data da antigüidade do traballador, o tipo de contrato e a categoría. Con esta información, estima o Tribunal que é suficiente para que o potencial licitador coñeza sen máis, o custe laboral dos traballadores. Determina-lo Convenio Colectivo na cidade de Vigo aplicable é unha cuestión allea á información que debe facilita-lo PCAP, e estar ó alcance das empresas participantes no procedemento de licitación por adicarse elas á actividade material obxecto de licitación”. Publicouse a información relativa ós salarios brutos dos traballadores por telo solicitado por escrito a mercantil IMPARESA, S.L., en data 27 de abril de 2015, porque esta Administración considerou que deste modo se facilitaban as cousas ós futuros licitadores, pero non porque se estimara necesario para o cálculo dos custes salariais. De feito, cando se publicou esta información, o procedemento levaba anunciado máis dun mes no perfil do contratante e non consta ningunha outra solicitude de información.

Considera o solicitante que de non ampliarse os prazos se vulnerarían os artigos 143 e 158 do TRLCSP.

O artigo 143 do TRLCSP dispón que “os órganos de contratación fixarán os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poda ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respetando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei”. Non obstante, no presente procedemento se respetaron os prazos legais de publicación dos anuncios no caso de procedementos armonizados.

O artigo 158 do TRLCSP dí que “2. A información adicional que se solicite sobre os pre-

gos e sobre a documentación complementaria deberá facilitarse, alomenos, seis días antes da data límite fixada para a recepción de ofertas, sempre que a petición se presente coa antelación que o órgano de contratación, atendidas as circunstancias do contrato e do procedemento, sinale nos pregos.

3. Cando, os pregos e a documentación ou a información complementaria, a pesares de terse solicitado ó seu debido tempo, non se proporcionaron nos prazos fixados ou cando as ofertas só podan realizarse despois dunha visita sobre o terreo ou previa consulta «in situ» da documentación que se adxunta ó prego, os prazos para a recepción de ofertas se prorrogarán de forma que tódolos interesados afectados podan ter coñecemento de toda a información necesaria para formula-las ofertas.

Non obstante, tal e como se manifestou, non consta ningunha solicitude do interesado nin de información sobre os custes salariais nin de visita ás instalacións. E as solicitudes formuladas por IMPARESA de información de custes salariais e de visita, foron formuladas en datas 27 de abril e 5 de maio de 2015 respectivamente, e ambas obtiveron resposta, a primeira o día seguinte ó da solicitude, o 28 de abril e a segunda no mesmo día para que o solicitante poidera visitala ó día seguinte. E en calquera caso, sería esta empresa a que solicitou extemporaneamente a información, pois é claro que o prazo de presentación de ofertas termina o día 7, é imposible ensina-las instalacións seis días antes da finalización do mesmo, se a solicitude se formula só con dous días de antelación.

Non se vulneraron por tanto os preceptos legais citados por esta Administración. Máis ben, ó contrario, foi dilixente na resposta ás solicitudes formuladas.

E unha ampliación do prazo de presentación de ofertas vulneraría o principio de igualdade consagrado no artigo 1 do TRLCSP ó premiar cun novo prazo a un presunto licitador menos dilixente que o resto, que non consta que tiveran problemas nin para visita-las instalacións, nin para calcular os custes de persoal, pois as únicas solicitudes recibidas nesta Administración dende a publicación do procedemento no perfil incluso o final do prazo de presentación de ofertas, foron as xa citadas de IMPARESA

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente lle corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propoñen á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Denega-la solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas formulada por D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe”.

Con data 14/05/2015, a mesma Xefa do Servizo de Contratación emite un novo informe de corrección de erros que dí o seguinte:

“No informe-proposta remitido á Xunta de Goberno para a resolución da solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para a contrata-

ción do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo, se constataron dous erros que teñen que ser corrixidos:

No fundamento xurídico cuarto se esixen como previos ó acordo os informes da Asesoría Xurídica e da intervención municipais, cando non son preceptivos neste caso.

Na parte dispositiva do acordo se remite como motivación do mesmo ó disposto no fundamento xurídico cuarto do mesmo, cando esta motivación está no fundamento xurídico terceiro.

A vista das anteriores consideracións ditos apartados do informe-proposta quedarán redactados da forma seguinte:

“Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente lle corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Denega-la solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas formulada por D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, polas razóns expostas no fundamento xurídico terceiro deste informe”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe emitido en data 14/05/2015.

Décimo cuarto.- En data 25 de maio de 2015, se lle notificou ó recorrente o acordo citado no antecedente anterior”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

E obxecto da presente impugnación a desestimación por silencio da solicitude formulada polo recorrente de prórroga do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 15 de maio de 2015, adoptou resolución na que se acordaba “Denega-la solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas formulada por D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, polas razóns expostas no fundamento xurídico terceiro deste informe”. Acordo que lle foi notificado á recorrente en data 25 de maio de 2015.

En calquera caso, a resolución expresa confirma o sentido do silencio, a denegación da ampliación de prazo.

-II-

E preciso comenar por determina-la lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.

-III-

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos comuns para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación armonizada (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento), contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de coantía igual ou superior a 200.000 euros ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o presuposto de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Localis, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribue pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...)”.

-IV-

Se ben a tarefa de analizar se concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo lle corresponde ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta cir-

cunstancia a efectos de formular alegacións no presente informe en caso de que non concurran e, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

A presente contratación se pode encadrar como acto de trámite que determina a imposibilidade de continuar no procedemento, e así o fai o recorrente, se ben, en puridade o recorrente non formulou oferta e en consecuencia, non interven no procedemento de referencia.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos e intereses dos cales se viron prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. No caso que nos ocupa o recorrente non é un licitador, pero invoca como causa do recurso o ter un interese directo en participar na licitación, circunstancia que, na súa opinión non puido materializarse por non ter concedido esta Administración unha ampliación do prazo de presentación de ofertas e non ter tempo para preparala, extremos sobre os que volveremos ó analiza-lo fondo do recurso.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito TEVA anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de maio de 2015, a intención de interpoñer recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valer-se o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción do cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá ser acompañado da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por térsela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente no que recaía ou do xornal oficial ou perfil de contratante no que foi publicado.
- O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente perante o TA-CRC.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP). Neste caso, TEVA recorre, non unha resolución expresa, senon un acto presunto, a denegación por silencio administrativo da súa solicitude de ampliación de prazo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, polo que non procede solicitar do mesmo a súa inadmisión.

No fundamento xurídico seguinte se analizará o fondo da cuestión plantexada polo recorrente.

-V-

TEVA no seu escrito fundamenta o seu recurso na infracción do artigo 158.3 do TRLCSP.

Manifesta nos antecedentes que non tivo coñecemento do procedemento ata que foi publicado no BOE, en data 13 de abril de 2015, polo que non pudo asistir á visita ás instalacións incluídas no obxecto do contrato, que se fixara para o día seguinte. Engade que, “púxose en contacto co servizo de Contratación co fin de realizar unha visita que resultaba imprescindible para emitila oferta. Tras insistir en múltiples ocasións, finalmente accedéuse á solicitude publicándose o día 5 de maio de 2015 convocatoria a dita visita para o día 6 de maio de 2015 (un día antes da data límite de presentación de ofertas) (...) Perante a situación descrita e perante a imposibilidade material de construír, no prazo dunha xornada de traballo, unha proposta coherente e responsable a unha licitación da complexidade técnica da que nos ocupa (...) remitíu por fax e por mensaxería o escrito (...) no que (...) se solicitaba a prórroga do prazo de presentación das ofertas”.

Tamen pon de manifesto que “ata o día 28 de abril non se publica no perfil do contratante os custos salariais dos traballadores adscritos ó anterior contrato e que, aínda que nada se indique nos pregos respecto á súa posible subrogación, podería resultar esixible conforme á normativa vixente”.

Considera que “A situación descrita e, en particular, o feito de non ter accedido á prórroga do prazo de presentación de ofertas solicitada – no noso caso, a solicitude formulada nin siquiera mereceu contestación algunha por parte do órgano de contratación- non só conculca o disposto no artigo 158.3 do TRLCSP, senon que, ademais, produciu unha efectiva indefensión a esta parte na medida na que se veu imposibilitada de presenta-la correspondente oferta por ser materialmente imposible, debendo recordarse, neste sentido que o artigo 143 sinala que: “Os órganos de contratación fixarán os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei”.

E finaliza o seu alegato solicitando do Tribunal que “se anule e deixe sen efecto o acordo impugnado e se acorde a retroacción do procedemento de licitación ó momento no que se incorreu a infracción que se deixa denunciada, ordeando á Administración a prórroga do prazo de presentación de ofertas no procedemento de referencia”, solicitando a medida cautelar de suspensión cautelar da tramitación do expediente.

En resposta ás alegacións do recorrente esta Administración ten que manifestar que actuou con suma dilixencia no expediente de que se trata e con respecto exquisito ós principios de eficacia, eficiencia e celeridade na tramitación do procedemento, impostos polos artigos 3 e 74 da LRJAP.

En primeiro lugar, hai que deixar constancia de que non consta nesta Administración ningunha solicitude do recorrente para a visita ás instalacións. Únicamente consta unha solicitude da mercantil IMPARESA, S.L., solicitada por escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste concello de 5 de maio de 2015. Se ben, do manifestado polo recorrente se deduce que ámbalas dúas empresas están relacionadas. En atención á proximidade da data de finalización do prazo de presentación de ofertas, foi fixada a visita para o día seguinte da solicitude, o cal, ademais de anunciarse no perfil do contratante, por se había outros interesados, se lle comunicou por teléfono ó solicitante para asegurarse da efectiva recepción da notificación, e así garantir que poidera realiza-la visita solicitada dentro do prazo de presentación de ofertas.

En cumprimento do disposto no artigo 142 do TRLCSP, a licitación foi publicada: no DOUE, no perfil do contratante, no BOE, no DOGA e no BOP. E tal e como prescribe o artigo 142.3 do TRLCSP “O envío do anuncio ó «Diario Oficial da Unión Europea» deberá preceder a calquera outra publicidade. Os anuncios que se publiquen noutros diarios ou boletíns deberán indicar a data de aquel envío, da que o órgano de contratación deixará proba suficiente no expediente, e non poderán conter indicacións distintas ás incluídas en dito anuncio”. O prazo de presentación de proposicións, foi o previsto no artigo 159.1 do TRLCSP: 45 días, pois ós 52 previstos con carácter xeral se descontaron os 7 que se permite a lei cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos. E a publicación no BOE cumpre tamen co requisito previsto neste mesmo artigo, producíuse cunha antelación mínima equivalente ó prazo previsto no artigo 159.2 do TRLCSP para a presentación de proposicións nos procedementos non suxeitos a regulación harmonizada, a saber, 15 días. No momento en que foi publicado o anuncio no BOE aínda restaban 24 días para a presentación de ofertas, prazo máis que suficiente para a presentación de ofertas e que respecta en todo caso o disposto no artigo 143 do TRLCSP, que determina a obriga dos órganos de contratación de fixa-los prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poda ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei.

E se o recorrente tivo coñecemento da licitación a través do anuncio publicado no BOE, dado que a data de publicación foi o día 13 de abril de 2015, non se entende porque non solicitou a visita ás instalacións ata o día 5 de maio, 22 días despois de ter coñecemento da licitación, e só dous días antes da data de finalización do prazo.

E máis, que no tiña coñecemento da licitación no momento da súa publicación no perfil do contratante do concello, nin no da súa publicación no DOUE, no é excusa para solicitar unha ampliación do prazo. Máxime na actualidade cando tódolos diarios e boletíns oficiais nos que se publican os anuncios de licitación permiten rexistrarse e subscribir gratuitamente un sistema de alertas. En concreto, o DOUE permite subscribirse a TED (Tenders electronic dayly) e recibir alertas dos procedementos que se publiquen.

Con respecto á solicitude de ampliación do prazo, o escrito propoñéndoa non tivo entrada no Rexistro Xeral desta Administración ata o día 7 de maio, último día do prazo de presentación de ofertas. O servizo de contratación o escrito chegou ó día seguinte, venres 8 e a proposta ó órgano de contratación se formulou o día 11 de maio, seguinte día hábil. Se o licitador tiviera sido

máis dilixente, podería terse resuelta a súa petición en prazo. E mostra mala fe, ou alomenos pouco tacto, acusando a esta Administración de falta de interese en resolve-la súa solicitude.

Considera o recorrente que a non ampliación dos prazos vulnera o artigo 158.3 do TRLCSP, que reza así:

“Cando, os pregos e a documentación ou a información complementaria, a pesar de terse solicitado ó seu debido tempo, non se proporcionaran nos prazos fixados ou cando as ofertas só podan realizarse despois dunha visita sobre o terreo ou previa consulta «in situ» da documentación que se adxunte ó prego, os prazos para a recepción de ofertas se prorrogarán de forma que tódolos interesados afectados poidan ter coñecemento de toda a información necesaria para formula-las ofertas”.

Non obstante e segundo se manifestou, o problema non foi que a Administración non facilitara as informacións solicitadas en prazo, pois tódalas peticións de información foron resoltas nos días seguintes a súa solicitude, senon que o recorrente non formulou as mesmas ó seu debido tempo. E máis, nni sequera consta acreditado que tiña solicitado ningún tipo de información, pois as solicitudes a que se refire foron formuladas por un terceiro IMPARESA.

Efectivamente, o artigo 158.2 do TRLCSP dí que “A información adicional que se solicite sobre os pregos e sobre a documentación complementaria deberá facilitarse, alomenos, seis días antes da data límite fixada para a recepción de ofertas, sempre que a petición se presentara coa antelación que o órgano de contratación, atendidas as circunstancias do contrato e do procedemento, sinalara nos pregos”. E huelga redundar en que a solicitude de información sobre o persoal resolveuse o día seguinte a súa solicitude, o día 28 de abril e aínda restaban máis de 6 días hábiles para a presentación de ofertas. E que a solicitude de visita produíxose fora deste prazo, se ben, a Administración tivo a boa vontade de acceder a esta petición, resolvela no mesmo día en que tivo entrada a petición no seu rexistro e aínda utilizar cauces diferentes ós previstos para as notificacións para asegurarse de que resultaba útil, como a chamada telefónica, o que permitiu ó solicitante cumprimentala visita antes da finalización do prazo de presentación de ofertas.

Por tanto, no se vulnerou por esta Administración o precepto legal citado. Máis ben, ó contrario, foi dilixente na resposta ás solicitudes formuladas. E no foi causado, segundo o exposto, indefensión ó recorrente, tal e como alega.

E una ampliación do prazo de presentación de ofertas vulneraría o principio de igualdade consagrado no artigo 1 do TRLCSP ó premiar cun novo prazo a un presunto licitador menos dilixente que o resto, que non consta que tivesen problemas nin para visita-las instalacións, nin para calcularlos custes de persoal, pois as únicas solicitudes recibidas nesta Administración dende a publicación do procedemento no perfil incluso o final do prazo de presentación de ofertas, foron as xa citadas de IMPARESA. E como se puxo de relevo nos antecedentes, presentaron ofertas 5 licitadores.

Conclúe a informante que, ó seu xuízo, procede a desestimación do recurso formulado por TEVA.

-VI-

Solicita o recorrente, en otrosí do recurso especial, que se impoña a medida cautelar de suspensión do procedemento.

Dado que esta medida só é de obrigada adopción polo tribunal no caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento, e habida conta, conforme ó exposto no funda-

mento xurídico V deste informe, que as alegacións verquidas polo recorrente son infundadas, se solicita do Tribunal que non se acceda á petición de medida cautelar de suspensión.

-VII-

En mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aproba-lo presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.